

TEMA 9. A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro

Palabras clave: *exilio americano, literatura social, realismo, Castelao.*

Os logros acadados pola literatura galega no primeiro terzo do s. XX quedan truncados co inicio da Guerra Civil (1936-1939): pechan editoriais, revistas e xornais e parálizase a publicación de textos en galego, dando inicio á “longa noite de pedra”. A derrota do bando republicano provoca o exilio de moitos intelectuais: Castelao, Luís Seoane, Rafael Dieste, Florencio Delgado Gurriarán (Letras Galegas 2022)... Os principais destinos foron Arxentina, Uruguai e México (países onde xa había comunidades galegas) e foi na diáspora onde sobreviviu a cultura galega. Os exiliados, ós que se sumaron os emigrantes que xa vivían alí, organizaron diversos actos culturais, como conferencias, recitais, exposicións, concertos...; fundaron editoriais nas que se publicaron clásicos da nosa literatura, como *Sempre en Galiza* de Castelao ou *A esmorga* de Blanco Amor; crearon xornais e revistas e mantiveron programas de radio; e constituíron grupos musicais e teatrais, entre outras iniciativas.

No eido literario, os escritores galegos continuaron publicando no exilio obras dos tres principais xéneros, salientando a produción poética. En Galicia, pola contra, a falta de liberdades e a censura provoca a desaparición da produción literaria en galego durante máis dunha década (anos 40).

1. POESÍA

Na poesía da diáspora predomina a **liña cívico-social**. Os autores cultivan unha poesía crítica, de compromiso e forte denuncia social que aborda temas vetados na Galicia franquista ou relacionados co afastamento da terra natal: denuncia das consecuencias da Guerra, patriotismo galego, saudade, reflexión sobre a situación dos exiliados e emigrados etc. Destacan os seguintes autores:

- **Luís Seoane** (1910-1979). Home polifacético coñecido pola súa faceta como artista plástico, foi promotor de diversas actividades culturais no exilio. Como poeta deixou catro títulos: *Fardel de eisiliado* (1952), *Na brétema*, *Sant-Iago* (1956), *As cicatrices* (1959) e *A maior abundamento* (1972). A súa poesía caracterízase por:
 - **estilo realista** (case xornalístico) e sobrio, pero cheo de forza, cunha linguaxe sinxela
 - dominio do **verso longo** (próximo á prosa)
 - **temática social**, con predominio do tema da **emigración** tratada dende a perspectiva dos propios emigrantes. Tamén tratou o tema da historia de Galicia
 - escaseza de poemas líricos e persoais nos que o *eu* corresponda ó propio autor
- **Lorenzo Varela** (1916-1978). A súa obra máis destacada é *Lonxe* (1954), sobre a súa experiencia persoal no exilio. Nela predominan dúas temáticas: a nostalxia propia do exilio e os mitos da historia de Galicia (canta ós guerrilleiros antifranquistas e ás figuras destacadas na loita pola democracia).
- **Emilio Pita** (1909-1981). O seu primeiro libro foi *Jacobusland* (1942), que trata sobre a traxedia da Guerra e a visión nostálgica de Galicia.

Cabería citar a obra doutros autores como **Florencio Delgado Gurriarán**, **Ernesto Guerra da Cal** ou **Eduardo Blanco Amor**.

2. PROSA

No exilio predomina a **narrativa realista**, con elementos autobiográficos e xeralmente cun narrador en 1ª persoa. Estas obras tratan temas relacionados coa Guerra: o sufrimento causado, a loita dos guerrilleiros antifranquistas, a represión e o exilio. Os seus máximos representantes son:

- **Ramón de Valenzuela** (1914-1980). As súas obras teñen un marcado carácter autobiográfico e son un reflexo narrativo da época. Destacan *Non agardei por ninguén* (1957), centrada nas vivencias de Gonzalo Ozores (representante do propio autor) como guerrilleiro nos montes galegos e como soldado; e *Era tempo de apandar* (1980), que complementa a primeira e relata a vida do protagonista no exilio francés, a súa repatriación e estancia en cárceres españois e o regreso a Galicia, onde traballará nas minas de volframio.
- **Antón Alonso Ríos** (1887-1980). A súa obra principal é *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979), unha novela autobiográfica onde narra como fuxiu de Galicia cara ó exilio disfrazado de esmoleiro.
- **Silvio Santiago** (1903-1974). Escribiu dúas novelas de corte autobiográfico: *Vilardevós* (1961), sobre a súa infancia e mocidade no rural, e *O silencio redimido* (1976, póstuma), na que relata a época da súa condena, fuxida e desterro.

No exilio tamén se publicaron dúas das grandes novelas da literatura galega: ***A esmorga*** (1959), de Blanco Amor, e ***Memorias dun neno labrego*** (1961), de Neira Vilas [\[ver tema 6\]](#).

En canto ó **ensaio**, Castelao publicou no exilio unha obra fundamental: ***Sempre en Galiza*** (1944), un ensaio político que condensa o ideario nacionalista e que se convertiu na “biblia” do galeguismo [\[ver tema 3\]](#). Os textos que compoñen o libro foron escritos en épocas diversas, pero sempre marcadas pola condición de desterrado ou exiliado do autor. Tamén foi no exilio onde publicou *As cruces de pedra na Galiza* (1950).

Outros autores que cultivaron o ensaio no exilio, continuando o pulo do Grupo Nós para a consolidación deste xénero, foron **Luís Seone** ou **Lois Tobío**.

3. TEATRO

Foi un dos xéneros que máis sufriu as consecuencias da guerra e a Ditadura, pois era impensable desenvolver un espectáculo público en galego. Mantívose vivo grazas ó labor do exilio, onde tivo unha **actividade intensa**. Alí creáronse compañías teatrais como a “Compañía Maruxa Villanueva” (que estreou *Os vellos non deben de namorarse*) ou “Teatro Popular Galego” e foron varios os autores que cultivaron o xénero dramático. As obras seguían dúas liñas básicas: unha **liña costumista e popular** (Varela Buxán), que evocaba a terra e apelaba ó sentimentalismo para manter o orgullo da galegitude; e outra **liña de teatro culto** (Castelao, Seoane e o Blanco Amor das *Farsas*), que empregaba técnicas e temáticas innovadoras, procurando un teatro de validez universal. Destacaron os seguintes autores:

- **Manuel Varela Buxán** (1909-1986). Foi unha figura fundamental para o teatro galego en Arxentina. Ademais de autor, foi tamén director e actor e creou a “Compañía Maruxa Villanueva”. Escribiu pezas de corte rural-costumista e humorístico, aínda que tamén contiñan crítica social. Son obras súas *A xustiza dun mariñeiro* ou *Taberna sin dono*.
- **Alfonso R. Castelao** (1886-1950). Polo seu labor político e cultural foi a figura máis importante no exilio: en torno e el desenvólvese a reivindicación polos dereitos de Galicia e en defensa da República. En 1941 estreou en Bos Aires *Os vellos non deben de namorarse*, a súa única peza teatral na que presenta a historia de tres homes vellos que namoran de tres rapazas novas, uns amores imposibles que acaban coa morte dos anciáns. A obra, de ton humorístico, tamén agocha unha crítica ós valores da sociedade (o poder do diñeiro, a obxectualización da muller, a hipocrísia...).

O autor concibiu o teatro como un espectáculo integral que reúne texto, escenografía, música e danza, e nel combinou elementos de tipo popular con outros vangardistas, como o uso de máscaras [\[ver tema 4\]](#).

- **Eduardo Blanco Amor** (1897-1979). Dirixiu diversas compañías, como o “Teatro Popular Galego”, e escribiu varias pezas que en Galicia se deron a coñecer posteriormente en dous volumes: *Farsas para títeres* (1973) e *Teatro para a xente* (1975). A primeira reúne obras non realistas, cheas de elementos fantásticos e satíricos e pensadas para un público culto; mentres que a segunda contén pezas de realismo costumista, menos orixinais e pensadas para un público pouco afeito a ler ou ver teatro. Escribiu, ademais, *Proceso en Jacobusland* (1980), unha crítica á xustiza e ó franquismo.

Outros representantes do teatro galego da diáspora foron **Luís Seoane** e **Isaac Díaz Pardo**.

O exilio americano mantivo con vida a cultura galega ata que en torno ós anos 50, e especialmente coa creación da editorial Galaxia, se retomou a actividade literaria en Galicia.

ANEXO I: O TEMA 9 EN IMAXES



Chegada de Castelao á Habana en 1938



Luis Soto, Virxinia Pereira e Castelao en Nova York


PRINCIPAIS REPRESENTANTES DA LITERATURA GALEGA DO EXILIO



Castelao



Luís Seone



Blanco Amor



Lorenzo Varela



Florencio Delgado Gurriarán



Silvio Santiago



Emilio Pita



Ramón de Valenzuela



Antón Alonso Ríos



Manuel Varela Buxán



Algunhas das obras emblemáticas da literatura galega foron escritas no exilio



Castelao en Bos Aires en 1941 preparando as máscaras para a representación de *Os vellos non deben de namorarse*

ANEXO II: ESCOLMA DE TEXTOS DO TEMA 9

1. POESÍA

Emigrantes nunha data calquera

De alá saímos os senlleiros, os inadaptados,
os condanados inxustamente, os que procuran o pan,
os xogadores, os perseguidos, os arrichados,
tamén o xusto, o argalleiro, o luxurioso, o san,
e as ponlas fluorescentes dos linaxes abafados.

O vento empurrou as barcas dos emigrantes na mar
cara estas grises lonxanas cibdades de engano
feitas de présa, de aceiro, de cemento, sen ar,
por almas lixadas de númaros, de ouro estrano,
enxoiatas polo despoxo i o constante trafegar.
[...]

Apiñoados polas rúas, nos subterráneos, da cor
lourida dos ósos, amarelo máis ben das caveiras,
axúntanse uns cos outros, empezándose, por mor
da puntualidade no emprego. Sempre ás carreiras
nestas cibdades comerciais, patrias da cubiza, sen amor.

Eiquí viñemos todos ó acaso, vivindo esgazados
das costumes coñecidas, do acento común, da canción
labrada polos avoengos i o tempo. Vivindo mudados
nunha xeografía diferente, polos negocios, a corrución,
que da terra de orixen farannos cicais pra sempre
[desleigados.

Luís Seoane, *Fardel de eisiliado* (1952)

A derradeira imaxe

Seis ou sete séculos despois.
Denantes ou despois. ¡Que máis ten!...
Poido ter sido mil trescentos trinta e seis
ou mil catrocentos trinta e seis.
Tocaban a morto e non o sabían os culpables.
Tódalas campás da cidade tocan a morto dende entón.
Foi mil novecentos trinta e seis.
Ogallá endexamais poida ser.
Eran soio ceibes a mar e os paxaros.

A filla do zapateiro, ou do ferreiro, ou do xastre,
era levada en camisa polas rúas,
marcadas a fogo tres letras na fronte,
a cabeza enfeitada, escarnecida,
despoxada dos longos rizos loiros.
Berrábanlle as letras da fronte.
Eran soio ceibes a mar e os paxaros.

Deixaron caír asesñados sobor das gaviás
os homes que soñaron un mundo diferente.
Á beira dos cadavres vivían abraiadas
as lagartixas verdes,
os insectos, as prantas, a terra e a iauga.
A eles somente non lles tiñan permitido vivir máis.
Soio eran ceibes a mar e os paxaros.
[...]

Luís Seoane, *Na brétema, Sant-Iago* (1956)

Trátase de dous poemas de Luís Seoane de **temática social** (denuncia) nos que se abordan temas propios da poesía do momento e se percibe o compromiso político e social do autor:

- En “Emigrantes nunha data calquera” preséntase o **ambiente da diáspora** dende unha perspectiva negativa: a dos emigrantes e exiliados que son excluídos do seu lugar de orixe e tamén do lugar ó que chegan. O inicio reflicte o momento no que estes galegos se ven obrigados a abandonar a súa terra por distintas causas e marchar a América. A continuación descríbese unha das grandes urbes ás que chegan, que é presentada negativamente (cidade de engano ateigada de xente, présas, persoas movidas polo diñeiro...). No final a voz lírica reflexiona sobre a posibilidade de que os costumes dos lugares de destino provoquen o desapego respecto da terra natal.
- “A derradeira imaxe” reflicte a **situación de Galicia en 1936**. Descríbese a forte represión á que se viron sometidos moitos homes e mulleres galegos pola súa ideoloxía e, ante este panorama, preséntase á natureza como representante da liberdade.

Nos textos aprécianse os trazos que caracterizan a poesía do autor: temática social (tema da emigración dende a perspectiva dos propios emigrantes no 1º texto), estilo realista, linguaxe sinxela e uso do verso longo.

A ponte de Brooklyn

Necesitábanse pra traballar homes rexos na ponte de Brooklyn. Con unha soldada de sete dólares por dúas horas de carrexos de entullos. Soio dúas horas cada xornada no interior dunha campá de ferro, asentada no fondo lamento do río, con ar comprimido arredando entrase a iauga na cavada. A ponte facía Brooklyn a Manhattan cinguido. [...]

Traballábamos silenzosos, espidos deica os cos coas pas, as eixadas e coas picarañas, amuados, gotexando suor, escorrendo na lama, nos terrós, caíndonos na iauga xiada do río, enlameirados. A door facíanos estoura-las testas, mais esmacelados axuntábamos moreas de terra, de area, de pedras. Folgábamos cada dez minutos, e voltábamos ousados ao traballo pra ponte de Brooklyn, sen arredras. [...]

Resistín ese traballo vinte xornadas, dúas horas cada día na campá encerrado. Perdín o ouvido nos vinte días. Aosadas ganeí cento-corenta-dólares. Deixeiño traballado pola febre, polas doores, xordo, escuallado. Alguén dixo: ¡Ouh, cantos rexos emigrantes sofridos fican pra sempre baixo as correntes deste río marelado, pola grande ponte de Brooklyn, orgulo dos Estadoss Unidos! Esta ponte de aceiro enlevado sobor de Nova York, ten millas de roscas, de parafusos, de aceiros. [...]

Luís Seoane, *Fardel de eisiliado* (1952)

Seoane denuncia as duras condicións de traballo que soportaban os emigrantes para poder gañar un soldo mínimo.

O texto presenta os trazos característicos da poesía do autor sinalados nos poemas anteriores.

Celsa R. I. aforcouse en xullo do 74

Celsa R. I. pendurouse dunha viga.
Aforcouse nun alpendre.
Profesión: pescantina. Estado: viúda.
Ós coarenta e cinco anos xa era vella.

Cómo brúa a mar.
Qué negra noite, Celsa R. I.
O vento bate a porta aberta do alpendre
e abana paseniñamente teu corpo.
Renxe a viga.

Cando nena, o pai mariñeiro contáballe a Celsa R. I. dunha onda roxa no mar, cun anxo sentado enriba. Tamén da estadea azul cun pano branco perpetuamente ergueita na mesma rocha que enfeitizaba os mariñeiros. O pai de Celsa R. I. falaba de encantamentos. Non falaba da súa vida. Tampouco o fixera o seu home. Afogado, naufragou nun barco de pesca. ¿Que se ten de falar da vida dun mariñeiro?

Celsa R. I. vivía nunha aldea de vellos e nenos. Illada, soia, medoñenta. Tampouco tiña nada que falar de si. ¿A quen lle podía importar Celsa R. I. nunha terra maldita, de xentes emigradas, rillada polos usureiros, apremeda dende lonxe polos burócratas?

Celsa R. I. traballadora no peirao, aforcouse. Non a levou nengún anxo da terra. Non a enfeitizou nengunha estadea azul.

Cómo brúa a mar...
Qué negra noite, Celsa R. I.
O vento bate a porta aberta do alpendre
e abana paseniñamente teu corpo.
Renxe a viga.

Luís Seoane, *A maior abundamento* (1972)

Este poema presenta un **estilo realista** cunha linguaxe **próxima á do xénero xornalístico** e á do texto administrativo (1ª estrofa), característica do estilo do autor.

O texto reflicte a situación de miseria e opresión de Galicia (ambiente de soidade, illamento, medo, emigración...), exemplificada na figura de Celsa R. I.

Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesiñados

¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!
Facíamos un feixe de campos e de estrelas,
e, ó pisar ise chao que latexaba,
sentíamos subir pola sangue o misterio.
O noso corpo era o camiño da maxia,
a escada pola que viña a lúa,
o zume de tódolos segredos,
a canzón da herba que resucitou.
E o mesmo verme era unha folla leda,
un mensaxeiro do sagrado alén.

Morréchedes, matáronvos, deixáronme.
Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras.
E gardo, coma un morto,
no centro do silencio, da sede, da agonía,
o día que vos poda levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!

Lorenzo Varela, *Lonxe* (1954)

O autor expresa a soidade e a pena fonda que sente pola perda de tantos e tantos compañeiros que loitaron xunto a el pola causa republicana. O eu lírico fala dende lonxe, dende o exilio, varios anos despois da Guerra.

Cando a Terra deixamos
por outra, sempre tan lonxana,
vai con nós isa arela
de voltar, que enxamais se acada.

O meniño que deixa
a cativa terra da infancia
enxamais torna a ela.
Fícase soio coa lembranza.

Chamácheme unha vez,
e moitas veces,
cun son devagariño
que escoito amorriñado,
e sin poder tronzar
ista fondal raigaña de mar dulce.

Eiquí estou, Buenos Aires,
galego sin Galicia.

Nestes dous poemas, **Emilio Pita** mostra a súa visión da emigración, na que se aprecia a nostalxia pola terra abandonada.

2. PROSA

Era tempo de apandar

A Prisión Provincial de Ávila estaba nun edificio moi vello. [...]

No tempo da República, sendo Directora Xeral de Prisións Victoria Kent, decidiuse prescindir deste edificio por inhóspito e por considerar que non tiña capacidade dabondo para que puidesen estar nel, coa mínima dignidade humana, mais de vataseta reclusos, contanto que viviran dous en cada cela de dous e medio por tres metros e tres xuntos nunha máis grande para os que facían servizos internos tamén como reclusos.

No sitio deses vistaseta había, o día que eu cheguei, nas doce celas, 1.200 (vouno escribir en letra para que non se coide que é un engano) mil douscentos reclusos no sitio de vitasete.

O dormitorio de maior parte eran os anchos corredores que estaban onde daban as portas das celdas. [...] Durmían tan apegados que, se a calquera se lle ocurría dar volta pola noite, tiñana que dar tamén tódolos daquela parede [...].

A min leváronme a unha cela de privilexio, unha das de dous na que somente estaban dez e comigo faciamos once. Foi cuestión de clase social. Eu tiña estudos, viña de familias de certo aquel porque meu pai era médico e eso tíñase en conta.

[...]

En Ávila a fame era realmente espantosa. Tíñase chegado a tal grao de desnutrición que moitos domingos, na misa, obrigatoria e en formación, caía algún recluso por avitaminose. [...]

Ramón de Valenzuela, *Era tempo de apandar* (1980)

Era tempo de apandar é unha obra **autobiográfica** na que un **narrador en 1ª persoa** protagonista relata a súa vida no exilio francés, a repatriación forzosa, a súa estancia nas cadeas franquistas de Burgos e Ávila (reflectida neste fragmento) e o regreso á terra galega. A obra é un exemplo da **narrativa realista** que predomina na literatura do exilio.

Sempre en Galiza

Chégase ao extremo de chamarnos “impatriotas” cando diñificamos a língoa do noso país e a consideramos máis nosa que a língoa de Castela. A fobia dos casteláns contra Cataluña provén de que algunha vez foron a Barcelona e viron alí que falaban todos en catalán [...]. Nós, sí atinamos a ver unha estreita relación antre o sentimento de patria e o amor ás línguas nacionaes, porque aquel que despreza o idioma do seu país é, realmente, un “impatriota”. Os cataláns, os galegos e os vascos serían antiespañoles se lle impuxeran o seu modo de falar â xente de Castela; pero son “patriotas” cando aman a súa fala e non se aveñen a trocala por outra. Nós comprendemos que a un galego, a un vasco ou a un catalán que non queira ser hespañol se lle chame “separatista”; pero eu pergunto cómo debe chamárselle a un galego que non queira ser galego, a un vasco que non queira ser vasco, a un catalán que non queira se catalán. Estou seguro de que en Castela a estes “impatriotas” chámanlle “bos hespañoles”, “modelo de patriotas”, cando en realidade son traidores a sí mesmos e â terra que lles dou o ser. Eses sí que son separatistas.

No fragmento, Castelao presenta argumentos contrarios ó pensamento unitarista e centralista español da época.

Castelao, *Sempre en Galiza* (1944)

3. TEATRO

Se o sei... non volvo á casa

A acción transcurre nunha aldea galega, aló polo ano de 1920. Izquierda e dereita, a dos traballadores da escea.

PIRMEIRA XORNADA

(Xoana, que corre pra os sasenta, atende os potes que ten ó lume; Caramés, que tamén corre pra os sasenta, pica un pito; Ricardo, mozo de vinte, áchase moi caviloso; Ramiro, mozote de dazasete anos, aparece debruzado sobor da artesa. Todos están a carón do lume.)

ESCEA I

XOANA.- *(A Ricardo)* -Non caviles máis, home, non: quero que as vaías buscar e traías ás dúas, a nai e máis a filla, xa que cecais sexa a derradeira noite que comemos xuntos. Pero non tardes, que as papas de arrós non agardan: afúmanse de contado.

[...]

RICARDO.- Pois si, traguerei ás dúas. *(Érguese)*. Deica logo. *(Vaise)*.

CARAMÉS.- *(A Xoana)* -Quero que metas no ventre do pote grande... o millorciño do porco. A ver se a comida che saíe como a do día da festa.

[...]

XOANA.- *(Coma falando consigo mesma)* -Que disgracia ter que deixar ir o fillo polo mundo por culpa disa maldizoada guerra de Melilla. ¡Por culpa da guerra!

CARAMÉS.- As guerras... decote traíen disgracias para os probes, muller; os fillos dos ricos... non morren en África.

XOANA.- ¿E pra que raio fan as guerras?

CARAMÉS.- Pra aumentar as contribucións, consumos i outras cangas.

XOANA.- ¡Condanados!...

CARAMÉS.- E non paran aí as disgracias que as guerras traíen consigo.

XOANA.- ¿Aínda máis?

CARAMÉS.- Levan a frol da xuventude pra esnaquizala. I aquíl que ten a sorte de non morrer na guerra, volta ó seu fogar apestado de doenzas, que terá que sufrir toda a súa vida.

M. Varela Buxán, *Se o sei... non volvo á casa*

Esta peza estrouse en decembro de 1938 no teatro Maravillas de Bos Aires e foi representada pola compañía galega "Aires da terra", chegando a 32 representacións consecutivas.

Encádrase na liña **costumista e popular**, pero incorporando tamén crítica social, característica propia do autor.

O irlandés astrólogo

ESCENA I

A DONA.- Dádesme moita lástima, don Patricio. Se seguides pensando dese xeito, non acharedes acougo en ningures.

PATRICIO SINOT.- Si, si, ben o sei. Son e serei por sempre un desleigado sen remedio; sereino, aínda que agora mesmo decidira voltar ao meu país. É a sorte do exilado.

ÁUREA.- Tentade de esquencer e divertivos.

[...]

PATRICIO SINOT.- Non, Áurea, non é posible. Non teño xa máis alegría que estes libros. Nacín nun mal século e baixo un reinado rexentado desde o comenzo pola mesma morte. O rei Xacobo, un asesino; os seus pais, asesinados; o seu tío Morai, asesinado; o conde de Lennox, asesinado. Mortón, o rexente, asesinado por orde do mesmo rei. Irlanda, asesinada. A Xacobo tanto lle ten firmar condenas de morte como escritos eruditos sobre o dereito dos reis ou sobre poesía. [...]

ÁUREA.- Pero viñéchedes a este país para comenzo unha vida nova. Eso era o que decíades.

A DONA.- Si, viñades animado. Contento de volver a ter unha cátedra.

PATRICIO SINOT.- Viña animado, poisque coidei que non era pouco ter salvado a vida. Pero canto máis nos arredamos do pasado, máis perto estamos del. O recordo... Aos homes mátanos a memoria.

[...]

PATRICIO SINOT.- E a vós, ¿non vos prestaría que esculcara o voso porvir? ¿Pensades que os seres humanos non queren saber o que lles vai pasar mañá? ¡Se eu tivera sabido, hai moitos anos, cal iba ser o meu destino! ¿Pensades que de ter coñecido a morte lenta que é o desterro non me deixaría matar en Irlanda?

Luís Seoane, *O irlandés astrólogo*

O texto encádrase na liña do **teatro culto**, que procuraba obras de validez universal. Nel hai referencias que se poden extrapolar á España de Franco.